



ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DESIGNADO PARA O CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA SEDE DO IMELGA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Lugar: Sala D do Complexo Administrativo de San Caetano

Data: 7 de marzo de 2022

Hora de comezo: 11:00 h

Hora de final: 12:00 h

ASISTENTES

Presidenta: Dona Beatriz Cuiña Barja - secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Secretaria: Dona Natalia Lobato Mosquera – vicesecretaria xeral da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Vogais:

Don Juan Manuel Pintos Martínez - xefe do servizo de Obras e Proxectos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Dona Blanca Carballal Mariño - arquitecta proposta pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Dona Sofía Alonso Blanco – arquitecta proposta pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Dona M^a Ángeles Mosqueira Vidal - arquitecta proposta polo Instituto Galego de Vivenda e Solo

Don Santiago Catalán Tobia - arquitecto en representación do COAG

Don Manuel Carbajo Capeans - arquitecto en representación do COAG

Dona Marta Viñas Hylas-Bernoud - asesora xurídica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Don Juan José González Acevedo - interventor delegado da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

DELIBERACIÓNS E ACORDOS

Abre a sesión a presidenta do xurado e, tras comprobar a relación de asistentes e a existencia do quórum necesario, de conformidade co disposto no apartado 5.2 do prego de bases que rexe o concurso, declara validamente constituído o xurado.

A continuación a secretaria do xurado fai constar que a Comisión Técnica reuniuse os días 30 de novembro e 17 de decembro de 2021 e o día 19 de xaneiro de 2022,





incorporando na acta do día 19 de xaneiro de 2022 o informe de valoración das propostas presentadas e admitidas do que se lle deu traslado para os efectos de efectuar a correspondente convocatoria do xurado tal e como consta na base 5.2 do prego de bases.

O resultado da valoración das propostas realizada pola Comisión Técnica é o recolleito na seguinte táboa:

PROPOSTA	Valor arquitectónico e calidade do deseño	Inclusión de medidas que faciliten a conciliación da vida familiar e laboral	Avaliación técnica e económica da proposta	Protección do medio ambiente, eficiencia enerxética e innovación tecnolóxica	TOTAL
29. TREES333	45,50	9,25	15,67	16,50	86,92
46. WOOD101	41,42	9,08	14,83	15,67	81,00
51. IE4CBC17	38,42	6,92	15,67	13,67	74,68
44. AMEBA008	39,08	8,00	14,00	13,33	74,41
20. LQCLM123	35,92	6,67	14,67	15,17	72,43
21. PEDRA083	35,75	7,17	15,33	13,67	71,92
12. 170NSECA	33,25	8,42	13,33	13,33	68,33
53. ORFEO479	33,92	7,33	14,67	12,33	68,25
26. ESTRUTURA	34,17	7,00	13,00	12,50	66,67
33. STELA075	32,08	7,00	12,00	13,50	64,58
42. MI000NOS	36,33	6,33	10,17	11,67	64,50



A continuación, a presidenta do xurado solicita que, por parte dun dos membros da indicada Comisión Técnica, explíquese a valoración realizada.

Manuel Carbajo Capeans procede a explicar o informe da Comisión Técnica do 19 de xaneiro de 2022 e, acto seguido, a presidenta do xurado solicita que se xunte á presente acta copia das da Comisión Técnica do 30 de novembro e 17 de decembro de 2021 e do 19 de xaneiro de 2022.

Unha vez que os membros do xurado analizaron as valoracións propostas pola Comisión Técnica, acordan por unanimidade dos mesmos e de conformidade coa base 5 parágrafo primeiro do prego de bases, emitir o seguinte fallo:

Primeiro.- Aceptar a avaliación efectuada pola Comisión Técnica e clasificar por orden decrecente as propostas segundo a puntuación obtida da seguinte forma:

Lema	Puntos totais
TREES333	87,58
WOOD101	80,83
IE4CBC17	75,00
AMEBA008	74,42
LQCLM123	72,42
PEDRA083	71,92
17ONSECA	68,33
ORFEO479	68,08
ESTRUCTURA	66,00
STELA075	64,58
MI000NOS	64,50

Segundo.- Propoñer como gañador do concurso e demais premiados aos lemas e polos importes que figuran a continuación:

	Lemas	Importe (IVE 21%)
Gañador do concurso e primeiro premio	TREES333	15.000,00 €
Segundo premio	WOOD101	13.000,00 €
Terceiro premio	IE4CBC17	12.000,00 €



	Lemas	Importe (IVE 21%)
Primer accésit	AMEBA008	5.000,00 €
Segundo accésit	LQCLM123	5.000,00 €
Terceiro accésit	PEDRA083	5.000,00 €

Terceiro.- Elevar este fallo ao órgano de contratación para a súa aprobación e resolución do concurso de ideas.

Sen máis asuntos que tratar a presidenta levanta a sesión e redáctase esta acta que asinan a presidenta e a secretaria, unha vez manifestada a conformidade co seu contido por parte dos membros do Xurado.

